

## **CIRCULAR 4/2021, DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS SOBRE A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS EPA E DOS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA QUE IMPARTAN ENSEINANZAS BÁSICAS DE EDUCACIÓN PARA PERSOAS ADULTAS POLAS MODALIDADES PRESENCIAL E A DISTANCIA NO CURSO 2021/2022.**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ao abeiro do disposto na orde de 20 de marzo de 2018 (DOG do 12 de abril), desenvolve e regula a ordenación xeral das ensinanzas básicas de educación de persoas adultas encamiñadas a conseguir unha maior calidade do ensino, estimular o traballo en equipo do profesorado e fomentar a participación da comunidade educativa nos centros.

Por todo o anterior, para lograr a adecuación desta oferta educativa á poboación adulta, garantir a óptima consecución dos fins previstos e unificar os criterios de funcionamento nos centros específicos e nos IES con oferta de educación de persoas adultas, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2021-2022.

### **1. Ámbito de aplicación**

Estas instrucións serán de aplicación en todos os centros EPA da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e nos institutos de educación secundaria que impartan educación básica de persoas adultas.

### **2. Oferta formativa**

Son ensinanzas básicas e ensinanzas non regradas para persoas adultas as seguintes:

- Niveis I e II da etapa das ensinanzas básicas iniciais
- Educación secundaria para persoas adultas: modalidades presencial e a distancia
- Castelán e galego para inmigrantes
- Preparación para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio
- Actividades non regradas de carácter profesionalizante, de formación sociocultural e de desenvolvemento persoal e comunitario
- Aula MENTOR

Os centros deberán adaptar a oferta educativa para a que están autorizados ás condicións e ás necesidades do alumnado, ás posibilidades do centro, así como ao contorno.

## **ENSEINANZAS BÁSICAS INICIAIS**

### **3. Organización**

O currículo das Ensinanzas Básicas Iniciais promoverá o desenvolvemento das competencias clave para acceder a Educación secundaria para persoas adultas e a mellora de coñecementos, destrezas e habilidades que favorezan o desenvolvemento persoal, laboral e social.

As ensinanzas básicas iniciais organízanse en dous niveis diferenciados, ambos cunha concepción globalizadora dos contidos.



O primeiro nivel incluíra os coñecementos necesarios para adquirir as destrezas de lecto-escritura, razoamento matemático e cálculo e organizarase nos seguintes ámbitos:

- a) Ámbito da comunicación
- b) Ámbito da competencia matemática
- c) Ámbito da ciencia, sociedade, tecnoloxía e de desenvolvemento e iniciativa persoal

O segundo nivel das ensinanzas básicas iniciais II organizarase nos seguintes ámbitos:

- a) Ámbito da comunicación
- b) Ámbito da competencia matemática
- c) Ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual
- d) Ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral

#### **4. Distribución Horaria**

O horario das ensinanzas básicas iniciais comprenderá doce períodos lectivos semanais no primeiro nivel e dezaseis no segundo distribuídos do seguinte modo:

1. O currículo das ensinanzas básicas iniciais I:
  - a) Ámbito da comunicación: 5 sesións
  - b) Ámbito da competencia matemática: 4 sesións
  - c) Ámbito da ciencia, sociedade, tecnoloxía e de desenvolvemento e iniciativa persoal: 2 sesións
  - d) Tutoría: 1 sesión
2. O currículo das ensinanzas básicas iniciais II organizarase nos seguintes ámbitos:
  - a) Ámbito da comunicación: 6 sesións
  - b) Ámbito da competencia matemática: 5 sesións
  - c) Ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual: 2 sesións
  - d) Ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral: 2 sesións
  - e) Tutoría: 1 sesión
3. Co fin de que o alumnado das ensinanzas básicas iniciais I alcance as destrezas de lecto-escritura, razoamento matemático e cálculo, o número de sesións establecido para cada ámbito poderase adaptar ás necesidades educativas que presente ese alumnado.

#### **5. Calendario escolar**

- O día 1 de setembro de 2021 abrirase o prazo de matriculación de ensinanzas básicas iniciais de persoas adultas, que permanecerá aberto durante todo o curso.
- As actividades lectivas realizaranse desde o 16 de setembro de 2021 ao 22 de xuño de 2022, conforme á distribución horaria recollida no apartado anterior desta circular.

### **EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS. ASPECTOS COMÚNS**

#### **6. Organización**

O currículo da segunda etapa da educación básica para persoas adultas, conducente á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, estrutúrase en dous



niveis, I e II, estruturados de forma modular en tres ámbitos, e organizados de forma progresiva e integrada. Cada ámbito consta de catro módulos de contidos de carácter interdisciplinar.

Estes ámbitos son os establecidos no artigo 7 da Orde do 20 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

- a) Ámbito científico-tecnolóxico
- b) Ámbito de comunicación
- c) Ámbito social

## 7. Calendario escolar

As actividades lectivas impartiranse desde o 23 de setembro de 2021 ata o 22 de xuño de 2022. As ensinanzas do primeiro cuadrimestre impartiranse desde o 23 de setembro de 2021 ata a primeira semana de febreiro incluída. As ensinanzas do segundo cuadrimestre darán comezo na segunda semana do mes de febreiro e as actividades lectivas rematarán o 22 de xuño de 2022.

## 8. Requisitos de idade

Con carácter xeral, poden matricularse nas ensinanzas de adultos as persoas maiores de 18 anos ou que os cumpran ata o 31 de decembro do ano 2021. No caso das persoas que se matriculen no segundo cuadrimestre, deberán cumprir os dezaioito anos antes do 29 de abril de 2022.

Tamén poderá matricularse na educación secundaria de persoas adultas quen cumpra algún dos seguintes requisitos:

- Ser maior de dezaseis anos e ter un contrato laboral que impida acudir aos centros educativos en réxime ordinario
- Ser deportista de alto rendemento
- Ter cursado ensinanzas de persoas adultas en anos anteriores

A xefatura territorial tamén poderá autorizar a matriculación na educación secundaria para persoas adultas do alumnado que non poida asistir regularmente a un centro ordinario por enfermidade ou impedimento físico. Para iso será necesario presentar a seguinte documentación: certificación médica oficial, informe da xefatura de departamento de orientación do centro de procedencia e informe da inspección educativa.

A xefatura territorial que corresponda, tras o informe favorable da inspección educativa, poderá autorizar a matrícula na educación secundaria a distancia a aquelas persoas que estean en centros de menores con medidas legais de internamento en réxime pechado ou terapéutico.

## 9. Solicitude de inscrición

O alumnado que solicite matricularse na educación secundaria de persoas adultas deberá presentar a seguinte documentación:





- Historial académico de ensinanzas cursadas ou libro de escolaridade
- Declaración responsable de non estar escolarizado nas mesmas ensinanzas noutro centro
- Solicitud de admisión (Anexo I)
- Solicitud de matrícula (Anexo II)

## 10. Admisión do alumnado

No caso de que o número de persoas solicitantes inscritas supere as prazas ofertadas polo centro, actuarase conforme o establecido no artigo 26 da Orde do 20 de marzo de 2018 e aplicaranse os seguintes criterios de preferencia:

- Continuar estudos no propio centro
- Proceder das ensinanzas de adultos doutros centros
- Ter estado máis tempo desescolarizado
- Matricularse de todos os ámbitos dun nivel
- Ser deportista de alto rendemento
- Menor renda persoal do alumno con ingresos ou da unidade familiar á que se pertenza

## 11. Condicións de matriculación

### 11.1. Alumnado procedente da ESO

- Alumnado procedente da ESO que cursara estudos dese nivel con anterioridade ao curso 2004-2005 e que teña algunhas materias pendentes: considerarase o curso superado se foi promovido de curso, sempre e cando non o fose por imperativo legal, seguindo os criterios de avaliación e promoción anteriores á publicación da Orde do 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria. Se non puidese promocionar ao curso seguinte, aplicaráselle os criterios de validación recollidos nos anexos V a XIII.
- Para o alumnado que cursou ensinanzas da ESO no curso 2004-2005 ou seguintes, realizaranse as equivalencias coas ensinanzas de adultos segundo o establecido nos anexos V a XIII.
- Cando un alumno ou alumna non cursara no 4º curso da ESO as materias sinaladas no cadro de equivalencias dos anexos V a XIII, tomarase como referencia a cualificación obtida nesa mesma materia no último ano que a cursara.
- O alumnado procedente dun PCPI terá dereito ás equivalencias recollidas no anexo XII desta circular.
- Cando, en aplicación dos cadros de equivalencias recollidos nos anexos V, VI, VII, VIII e X, unha persoa teña dereito á validación de todos os ámbitos do cuarto módulo da educación secundaria para persoas adultas e nunca tivese sido proposta para título, deberá matricularse unicamente nun ámbito do módulo catro.



## **11.2. Alumnado procedente da proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria**

Ao alumnado que superou algún ámbito da proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria daráselle por superado o cuarto módulo correspondente, segundo o cadro de equivalencias establecidas no anexo XIII desta circular.

## **11.3. Proba de avaliación inicial**

Para as persoas sen requisitos académicos que desexen matricularse na educación básica para persoas adultas por primeira vez efectuaráselle unha proba de avaliación inicial co obxectivo de adscribilas ao módulo adecuado en cada ámbito de coñecemento.

Durante os días 15, 16 e 17 de setembro de 2021 e os días 19, 20 e 21 de xaneiro de 2022, realizaranse nos centros EPA e nos IES autorizados as probas de avaliación inicial. Cando fóra das datas establecidas sexa necesario realizar a avaliación inicial, a xefatura de estudos establecerá unha nova data ou datas para realizala.

## **12. Avaliación**

### **12.1. Avaliación ordinaria**

- a) A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. Para facilitar o progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitar tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais, realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por módulo en cada un dos tres ámbitos de coñecemento.
- b) Cando no ámbito de comunicación da educación secundaria para persoas adultas interveñan dous profesores ou profesoras, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada dos dous submódulos integrados nel, de xeito que o submódulo de lingua estranxeira nunca teña unha valoración superior ao 30% da cualificación do módulo correspondente.
- c) Cando o ámbito científico-tecnolóxico sexa impartido por dous docentes, no caso de impartir o ámbito nunha proporción do 50%, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada das dúas cualificacións achegadas por cada un dos profesores ou profesoras, de xeito que cada unha das cualificacións supoña o 50% da cualificación final do módulo correspondente. Para outro reparto da materia, seguiranse criterios proporcionais para a cualificación do ámbito.

### **12.2. Avaliación final e extraordinaria**

As sesións de avaliación final dos módulos impartidos no primeiro cuadrimestre terán lugar na primeira quincena do mes de febreiro, e despois do 22 de xuño de 2022 no caso dos módulos do segundo cuadrimestre.

As probas extraordinarias correspondentes aos módulos impartidos no primeiro cuadrimestre realizaranse antes de rematar o mes de maio de 2022. No caso dos módulos impartidos no segundo cuadrimestre, as probas extraordinarias terán lugar entre o 20 e o 22 de xuño de 2022.



Os módulos I, II, III ou IV de cada ámbito da ESA avaliados positivamente ou promovidos con avaliación negativa quedan superados, polo que non é necesario volver cursalos.

### **12.3. Perda do dereito de avaliación continua**

A falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nun ámbito, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do cómputo total de horas establecido para ese ámbito no cuadrimestre.
- En todos os ámbitos, cando o número de faltas sen xustificar supere o 10% do horario total establecido nese cuadrimestre para todos os ámbitos nos que estea matriculado.

Ao alumnado que perda o dereito á avaliación continua informaráselle da posibilidade de trasladar a matrícula para cursar a educación secundaria a distancia.

### **13. Reclamacións**

a) Segundo a normativa vixente, o alumnado ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro contra as cualificacións finais, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- Inadecuación dos obxectivos e contidos da materia sometida a avaliación e do nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente.
- Aplicación incorrecta dos criterios de avaliación establecidos.

b) No suposto de que se ratifique por parte do centro a cualificación outorgada e o/a alumno/a así o manifieste expresamente, o director ou directora remitirá o expediente á xefatura territorial, que, tras o informe da inspección educativa, fará a resolución procedente no prazo de dez días naturais. Contra a resolución da persoa responsable da xefatura territorial poderá interpoñerse recurso perante a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional na forma e nos prazos establecidos na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **14. Matrícula condicionada**

a) O alumnado que curse durante o primeiro cuadrimestre os módulos primeiro ou terceiro e non sexa promovido ao módulo seguinte nalgún ámbito, durante o segundo cuadrimestre poderá matricularse do módulo seguinte de maneira condicional, sempre que siga escolarizado no mesmo centro. Nestes casos recibirá atención educativa do módulo mediante os mecanismos que estableza o centro.

Analogamente, o alumnado ao que unicamente lle falte para titular un ámbito do terceiro módulo e ámbitos do cuarto módulo poderá matricularse de forma condicional de dous módulos do mesmo ámbito de coñecemento. En todo caso, ten que superar o ámbito do módulo terceiro antes de ser avaliado do mesmo ámbito de coñecemento do módulo cuarto.

b) Cando este alumnado obteña un resultado positivo na avaliación extraordinaria do mes de maio, poderá ser avaliado no mes de xuño do módulo ao que foi promovido



de maneira condicional. En todo caso, ten que superar o módulo precedente antes de ser avaliado do seguinte.

- c) Cando un alumno estea matriculado nun centro no que se imparten simultaneamente os catro módulos da educación secundaria e non supere o módulo que cursou no primeiro cuadrimestre, poderá matricularse do mesmo no segundo cuadrimestre, sempre que renuncie á avaliación extraordinaria de maio.
- d) Agás no caso contemplado no apartado a) deste punto, o alumnado non poderá ter matrícula activa no mesmo cuadrimestre en dous módulos dun mesmo ámbito.
- e) Os alumnos que teñen superado o primeiro ou o terceiro módulo da educación secundaria e están matriculados en centros onde non se imparten todos os módulos simultaneamente poderán cursar outra vez estes módulos no primeiro cuadrimestre, sempre a cando a dispoñibilidade de prazas no centro o permita. En todo caso, os módulos xa superados non poden ser avaliados novamente.

## 15. Cambio de centro e de modalidade

O alumnado escolarizado en ensinanzas de adultos poderá cambiar de centro e modalidade de ensinanza nas seguintes condicións:

- a) Unha vez rematado o cuadrimestre e logo de solicitude á dirección do centro, o alumnado poderá cambiar de modalidade para o cuadrimestre seguinte a aquel en que está escolarizado.
- b) Con carácter excepcional, durante a escolarización de cada módulo cuadrimestral, a dirección do centro poderá autorizar o cambio de modalidade no seu propio centro, logo de escrito da persoa interesada en que aduza as razóns persoais ou profesionais que o xustifiquen.
- c) Cando o cambio de modalidade supoña optar a unha praza da modalidade presencial, ese cambio estará supeditado á existencia de prazas dispoñibles.

Cando se realice cambio de centro desde o novo centro, deberá solicitarse ao centro de orixe o expediente académico e o historial académico correspondentes.

## 16. Horario xeral do centro para as ensinanzas de persoas adultas

- a) O horario das ensinanzas de persoas adultas procurará organizarse en sesións de mañá, tarde e noite, segundo a dispoñibilidade de efectivos de persoal e de espazos, dándolle prioridade, en todo caso, á mellor atención ao alumnado.
- b) A distribución semanal horaria para as distintas ensinanzas que se imparten no centro será a que se recolle no anexo III desta circular. Os horarios das ensinanzas que non conducen a unha titulación poden modificarse parcialmente previa consulta e autorización da inspección educativa, sempre que existan razóns que xustifiquen o cambio.
- c) En todo caso, a redistribución horaria respectará a duración global que para estas ensinanzas se establece na referida orde e non se poderán concentrar nun mesmo día máis de dous períodos lectivos do mesmo ámbito de coñecemento.





## 17. Profesorado

- a) Cada ámbito de coñecemento será impartido por un profesor ou profesora.
- b) O ámbito de comunicación, cando non exista un profesor ou profesora que poida impartir os contidos correspondentes ás tres linguas incluídas no ámbito, poderá ser impartido por dous docentes. Un deles impartirá os contidos correspondentes ás linguas galega e castelá, e outro os correspondentes á lingua estranxeira.
- c) Cando na adscrición do profesorado ao ámbito científico-tecnolóxico existan dificultades para a elaboración dos horarios do centro polo feito de asignar oito períodos lectivos semanais a un único profesor ou profesora, o centro poderá solicitar á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional que ese ámbito sexa impartido por dous profesores ou profesoras. A inspección educativa realizará o informe preceptivo desta solicitude, valorando se procede ou non a autorización. Esta adscrición non suporá a distribución dos contidos do ámbito polas especialidades dos profesores que o vaian impartir.
- d) O profesorado do corpo de mestres poderá impartir os dous primeiros módulos de cada ámbito de coñecemento das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas. No caso de que máis dun mestre opte a impartir as ensinanzas de secundaria, a dirección do centro designará un deles seguindo os criterios de elección establecidos para o profesorado de primaria nos colexios de educación infantil e primaria e centros públicos integrados.
- e) O profesorado do corpo de profesores de ensinanza secundaria poderá impartir todos os módulos dos ámbitos de coñecemento, de acordo coa atribución de especialidades do anexo IV desta circular. Non obstante, para impartir o primeiro e o segundo módulo de cada ámbito de coñecemento terá prioridade o profesorado do corpo de mestres que viña impartindo ensinanzas de adultos.
- f) O profesorado do departamento de orientación proporá actividades que contribúan á recualificación profesional ou á incorporación ao mercado laboral das persoas adultas, e asesorará o alumnado sobre as diferentes modalidades de formación para persoas adultas.
- g) Cando nos centros EPA con sede en institucións penitenciarias se deixe de impartir algún ámbito ou materia por non dispor de profesorado, a xefatura territorial que corresponda poderá establecer que profesorado do centro EPA máis próximo realice parte do seu horario no centro EPA en institucións penitenciarias.
- h) A dirección do centro EPA poderá asignar a todo o profesorado con dispoñibilidade horaria períodos lectivos para a atención do alumnado matriculado no centro que acode a institucións do contorno acollidas a convenios de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- i) A adscrición funcional do profesorado e a concreción do seu horario non contemplada nesta circular realizarase de acordo coa lexislación vixente que corresponda ao profesorado de primaria ou secundaria.
- l) O profesorado que vaia impartir por primeira vez ensinanzas básicas de persoas adultas deberá asistir ás actividades de formación que se establezan para o efecto.





### **17.1 Horarios e asignación do profesorado que imparta docencia en educación secundaria para persoas adultas.**

- a) O horario de docencia do profesorado de educación primaria e de ensinanza secundaria será o establecido para cada corpo na Orde do 23 de xuño de 2011 (DOG do 30 de xuño), modificada parcialmente pola Orde do 4 de xuño de 2012 (DOG de 13 de xuño).
- b) Nos IES con oferta educativa de persoas adultas, cando algún profesor non complete a xornada laboral de docencia semanal con estas ensinanzas, a dirección do centro asignaralle outras actividades lectivas propias da ensinanza ordinaria.
- c) Cando na mesma localidade do centro EPA exista profesorado con dispoñibilidade horaria, sempre e cando a especialidade que posúa se corresponda con algunha das atribuídas a un determinado ámbito de coñecemento dos establecidos anexo IV desta circular ou das materias de bacharelato, a xefatura territorial correspondente poderá dispor que complete o seu horario no centro de adultos.

### **18. Prazos para a entrega de documentos do centro**

- a) A programación xeral e as concrecións curriculares das diferentes ofertas académicas para persoas adultas serán remitidas á inspección educativa antes do 11 de novembro, e deberase garantir a súa difusión para o seu coñecemento polos distintos sectores da comunidade educativa.
- b) Ao finalizar o curso, durante o mes de xuño, deberá avaliarse o grao de cumprimento da programación xeral anual. Os resultados e as novas propostas froito desta avaliación reflectiranse na memoria final de curso, que se remitirá á inspección educativa antes do 8 de xullo.
- c) Realizada a avaliación final, remitirase a cada xefatura territorial toda a documentación: fotocopias autenticadas das actas de avaliación final, proposta de expedición de títulos e outra documentación análoga. O envío dos mencionados documentos realizarase na primeira quincena de xullo.
- d) Realizada a avaliación extraordinaria do módulo catro, remitirase a cada xefatura territorial copia autenticada de toda a documentación: certificacións e proposta de expedición de títulos. O envío dos mencionados documentos realizarase antes do día 15 do mes seguinte no que se realice a proba.
- e) Os centros que oferten educación de persoas adultas deberán manter debidamente actualizada a seguinte documentación:
  - Rexistro de títulos de graduado en educación secundaria
  - Rexistro de entrada e saída de correspondencia
  - Actas das reunións dos órganos colexiados de goberno (claustro e consello escolar) e dos órganos de coordinación docente (comisión de coordinación pedagóxica, departamentos, etc.)
  - Inventario de mobiliario e equipamento didáctico
  - Documentación da xestión económica do centro



## **EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS. MODALIDADE PRESENCIAL**

### **19. Prazo de matrícula**

As datas de inscrición para acceder aos módulos das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas, modalidade presencial, serán entre o 1 e o 11 de xuño de 2021.

Abrirase un prazo extraordinario de inscrición e matrícula entre:

- O 1 e o 10 de setembro de 2021 para o primeiro cuadrimestre.
- O 10 e o 18 de xaneiro de 2022 para alumnado de nova incorporación ao centro no segundo cuadrimestre.

Nos centros EPA en institucións penitenciarias, alegando causa xustificada, poderá incorporarse alumnado novo á educación secundaria en datas posteriores ás establecidas anteriormente.

### **20. Número máximo e mínimo de alumnos por grupo**

A proporción entre profesorado e alumnado para as ensinanzas básicas de educación de adultos é a establecida con carácter xeral no réxime ordinario equivalente. En calquera caso, non poderán establecerse grupos con menos de quince alumnos. Cando o número de alumnos matriculados nun grupo fose menor de quince, a dirección do centro solicitará a autorización da xefatura territorial que corresponda para a súa posta en marcha.

### **21. Actividades lectivas**

Con carácter xeral, impartiranse as ensinanzas dos módulos 1 e 3 da ensinanza secundaria para persoas adultas no primeiro cuadrimestre, mentres que no segundo cuadrimestre impartiranse os módulos 2 e 4. Excepcionalmente, e con autorización da xefatura territorial, tras o informe favorable da inspección educativa, os centros que dispoñan de recursos poderán optar por impartir de maneira simultánea os catro módulos de cada ámbito de coñecemento. Neste caso, o alumnado que supere os cuartos módulos de cada ámbito de coñecemento no mes de febreiro será proposto para o título de graduado en educación secundaria con anterioridade ao 1 de marzo do ano en que finalizara os estudos.

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS. MODALIDADE A DISTANCIA SEMIPRESENCIAL**

### **22. Prazo de matrícula**

A inscrición para acceder a calquera dos módulos das ensinanzas de educación secundaria a distancia para persoas adultas na modalidade semipresencial será:

- a) Para o primeiro cuadrimestre, desde o 1 de setembro de 2021 ata o 14 de xaneiro de 2022.
- b) Para o segundo cuadrimestre, desde o 1 de febreiro ata o 29 de abril de 2022.

Para o alumnado que, por motivos laborais, necesite xustificación de estar cursando ensinanzas básicas para persoas adultas con posterioridade á data de matrícula establecida, o



centro educativo poderá realizar a reserva de matrícula ata a apertura do novo prazo no curso seguinte.

### **23. Organización das ensinanzas de educación secundaria a distancia semipresencial**

- a) Os centros EPA autorizados para impartir educación secundaria semipresencial e o IES San Clemente de Santiago de Compostela ofertarán de forma simultánea todos os módulos dos tres ámbitos da educación secundaria organizados por cuatrimestres.
- b) O alumnado contará para o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe cunha atención tutorial. Esta atención, para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe, realizarase de forma presencial e a distancia.
- c) As titorías presenciais serán colectivas e de asistencia obrigatoria. Semanalmente desenvolverase unha sesión lectiva presencial dunha hora de duración para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e dúas para o científico-tecnolóxico.
- d) Para o seguimento do alumnado e a coordinación das titorías a distancia, as direccións dos centros EPA, por proposta da xefatura de estudos, nomearán entre o profesorado con docencia na modalidade de educación a distancia semipresencial unha persoa coordinadora que poderá ter unha dedicación horaria semanal de tres horas.
- e) A xefatura de estudos elaborará o horario xeral das titorías tendo en conta a dispoñibilidade de espazos e de profesorado, o número de grupos de alumnado de cada ámbito, así como os seguintes criterios:
  - Facilitar a asistencia do alumnado
  - No caso de ter máis dun grupo, establecer un horario de mañá e outro de tarde, co fin de que cada alumno ou alumna poida inscribirse no grupo que mellor se adapte ás súas posibilidades
- f) Ao inicio do curso, farase público o horario xeral de titorías presenciais planificadas para cada ámbito de coñecemento de forma semanal. Establecerase o programa de actividades, o calendario de avaliacións e toda aquela información que poida ser de interese xeral para o alumnado.
- g) No caso de concorreren circunstancias especiais que xustifiquen a modificación do calendario da avaliación extraordinaria establecido no punto 12.2 desta circular, a inspección educativa poderá autorizar o cambio de datas.

### **24. Recursos didácticos**

Dadas as características da educación a distancia, o alumnado utilizará como referente curricular os materiais didácticos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten elaborados para esta modalidade educativa. Estes materiais poderán consultarse na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>



## **EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS. MODALIDADE A DISTANCIA TELEMÁTICA**

### **25. Prazo de matrícula**

A inscrición para acceder a calquera dos módulos das ensinanzas de educación secundaria a distancia para persoas adultas na modalidade telemática será:

- a) Para o primeiro cuadrimestre, desde o 1 de setembro de 2021 ata o 14 de xaneiro de 2022.
- b) Para o segundo cuadrimestre, desde o 1 de febreiro ata o 12 de maio de 2022.

Para o alumnado que, por motivos laborais, necesite xustificación de estar cursando ensinanzas básicas para persoas adultas con posterioridade á data de matrícula establecida, o centro educativo poderá realizar a reserva de matrícula ata a apertura do novo prazo no curso seguinte.

### **26. Organización das ensinanzas de educación secundaria a distancia telemática**

- a) O IES San Clemente ofertará de forma simultánea todos os módulos dos tres ámbitos de educación secundaria organizados por cuadrimestre de forma telemática.
- b) O alumnado matriculado nesta modalidade educativa contará para o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe cunha atención tutorial telemática a través da plataforma educativa: <http://www.iessanclemente.net/>
- c) A atención telemática será obrigatoria para o alumnado. Polas características específicas desta modalidade, e para facilitar que o alumnado acade os obxectivos de aprendizaxe establecidos, o profesorado aproveitará o potencial que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación mediante diferentes accións, como a elaboración de documentos interactivos, a publicación de video-tutoriais e clases gravadas, o uso frecuente do foro da plataforma virtual e a presentación de ligazóns de interese para o alumnado.
- d) A atención tutorial realizaraa o equipo didáctico que se constitúa para impartir estas ensinanzas, e que estará integrado pola xefatura de estudos para as ensinanzas de persoas adultas e o profesorado que imparta docencia nos diferentes módulos de cada ámbito.
- e) Cando concorran circunstancias especiais que xustifiquen a modificación do calendario da avaliación extraordinaria establecido no punto 12.2 desta circular, a inspección educativa poderá autorizar o cambio de datas.

### **27. Adaptación ao contexto da Covid 19**

A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, establece que os centros educativos cumpriran as medidas que se establezan no Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia que estea vixente no curso 2021-2022.



Tendo en conta a posibilidade de que no curso 2021-2022 se produza unha nova situación de crise sanitaria, cómpre establecer unha serie de orientacións para dar resposta a este escenario.

### 1. Modalidade ESA presencial

Na modalidade presencial seguiranse as instrucións que se diten para a Educación Secundaria Obrigatoria no réxime ordinario.

### 2. Modalidade de ESA a distancia

#### 2.1. Modalidade a distancia con apoio de titorías telemáticas

Dado que esta modalidade se desenvolve integramente por medios telemáticos, o eventual peche dos centros educativos e/ou a suspensión das actividades docentes presenciais non suporán ningún cambio na metodoloxía, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis dos distintos ámbitos de coñecemento. A actividade educativa continuará con normalidade a través da aula virtual.

Adoptaranse as medidas organizativas que garantan a comunicación eficaz e fluída por medios telemáticos e/ou telefónicos entre alumnado e profesorado.

No caso de que a situación sanitaria non permita a realización de exames presenciais, as probas das distintas avaliacións poderán ser substituídas por probas telemáticas.

#### 2.2. Modalidade a distancia semipresencial

Terase en conta a previsión de posibles períodos de confinamento e/ou de suspensión das actividades docentes presenciais na programación xeral anual dos centros e incluíranse as estratexias organizativas necesarias para garantir o adecuado desenvolvemento da actividade educativa adaptándoa a eses períodos excepcionais.

Os equipos directivos dos centros adoptarán as medidas necesarias para que, ao longo da primeira semana de cada cuadrimestre do curso 2021-2022, o alumnado reciba ou teña acceso ao temario para cada ámbito de coñecemento no que se atope matriculado, así como as indicacións e informacións precisas para o desenvolvemento do curso en calquera escenario.

Dado que esta modalidade conta co apoio de titorías presenciais, no caso de que se produza unha situación de confinamento ou de suspensión das actividades docentes presenciais será precisa a aplicación dun cambio na acción tutorial no que as titorías lectivas e de orientación serán substituídas por titorías telemáticas. Estas titorías de carácter telemático organizaranse de xeito que poidan substituír plenamente as titorías presenciais. Este cambio na acción tutorial non implicará modificación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis dos distintos ámbitos de coñecemento.

Os centros docentes potenciarán as medidas organizativas que garantan unha comunicación eficaz e fluída por medios telemáticos e/ou telefónicos entre alumnado e profesorado.

No caso de que a situación sanitaria non permita a realización de exames presenciais, as probas das distintas avaliacións poderán ser substituídas por probas telemáticas.



## INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIAS PARA OS CENTROS EPA EN INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS

### 28. Profesorado

O profesorado que desenvolva a súa función docente nos centros penitenciarios está suxeito á normativa xeral de control e seguridade destas institucións, tendo que respectar e cumprir o establecido con carácter xeral na normativa penitenciaria, así como as normas do seu réxime interior.

Ademais das funcións de docencia e titoría que lle corresponda, o profesorado deberá levar a cabo de forma metódica actividades de control de asistencia e seguimento de cada un dos/as alumnos/as, anotando resultados relativos á avaliación continua da aprendizaxe, do proceso educativo e dos niveis de formación adquiridos polos internos. A información obtida facilitaralla á xefatura de estudos ou á dirección do centro EPA, que, no seu caso, a trasladará ao órgano de coordinación docente da institución ou á xunta de tratamento.

### 29. Órgano de coordinación e seguimento

a) Previo acordo entre a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que corresponda e a administración penitenciaria competente, durante o mes de setembro de 2021, e segundo o sinalado no artigo 11 do Real Decreto 1203/1999, en cada establecemento penitenciario constituirase un órgano permanente de coordinación e seguimento integrado por catro membros, dous dos cales serán designados pola administración educativa. Os dous representantes da administración educativa, nomeados pola persoa responsable da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, serán os seguintes:

- O director do centro EPA no establecemento penitenciario
- Un representante do Servizo Provincial de Inspección educativa

b) Este órgano reunirse como mínimo tres veces ao ano: unha ao principio de curso, outra no mes de febreiro e outra ao final de curso, e cantas veces o solicite un terzo dos compoñentes.

c) Terá como funcións básicas as que están determinadas no artigo 11, apartado 2, do Real Decreto 1203/1999, do 9 de xullo:

- Propiciar a incardinación da programación educativa do centro público na xeral dos establecementos penitenciarios, co fin de adaptala ás peculiaridades do medio, en materia de tratamento individualizado, de clasificación e normas de réxime interior.
- Favorecer a coordinación da programación do centro público coas restantes programacións complementarias do establecemento penitenciario.
- Realizar o seguimento do desenvolvemento da actividade educativa a través dos informes de resultados da avaliación continua do alumnado interno.
- Coñecer as posibles disfuncións que se poidan producir entre ambas as dúas esferas administrativas e propoñer as solucións que se consideren máis oportunas.
- Coñecer e adoptar solucións sobre calquera outras cuestións que suscite a realidade da convivencia e a coordinación entre a administración educativa e a administración penitenciaria no ámbito territorial correspondente



### 30. Calendario e horario

- a) A actividade educativa desenvolverase de maneira que se acomode, en materia de horarios, á organización xeral de cada centro penitenciario.
- b) De acordo co establecido no artigo 8º do Real Decreto 1203/1999, de 9 de xullo, a oferta educativa dos centros EPA con sede en establecementos penitenciarios, realizarase en horarios de mañá e/ou tarde, de xeito que sexa posible e se favoreza a asistencia do alumnado.
- c) Ao inicio do curso, os centros establecerán o seu horario, que será aprobado polo xefe ou xefa da xefatura territorial correspondente.
- d) O horario dos funcionarios docentes con destino nos establecementos penitenciarios está sometido á lexislación que rexe para o corpo ao que pertencen e deberán satisfacer a demanda educativa efectiva da poboación penitenciaria, de acordo co principio de flexibilidade e acomodación horaria á realidade da institución na que se encontra a sede do centro EPA.

### 31. Órganos unipersoais

- a) O director/a do centro educativo no establecemento penitenciario exercerá as funcións propias do seu cargo establecidas na normativa aplicable de carácter xeral e ademais exercerá as seguintes:
  - Informar aos representantes do órgano de coordinación docente do establecemento penitenciario de todo canto atinxa á organización e funcionamento da actividade do centro de educación de persoas adultas.
  - Coordinar a función docente que atinxe ás ensinanzas de adultos no establecemento penitenciario conforme aos criterios establecidos no proxecto educativo e de acordo coas normas de réxime interno do establecemento penitenciario.
  - Dar a coñecer á xunta de tratamento do establecemento penitenciario a evolución do alumnado a través dos informes que o profesorado lle proporcione cos resultados das avaliacións e calquera outro sobre o rendemento pedagóxico.
  - Facilitar á dirección do establecemento penitenciario a listaxe de internos/as que diariamente deban incorporarse á actividade docente indicando os niveis educativos que lle correspondan.
  - Elaborar informes, a petición da administración competente, sobre o funcionamento do centro e sobre aquel outros aspectos relacionados coa actividade docente no mesmo.
  - Atender as consideracións da comisión mixta creada por convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Interior.
- b) Cando exista xefe ou xefa de estudos, secretario ou secretaria nos centros EPA con sede nos establecementos penitenciarios, estes realizarán as funcións establecidas na normativa de carácter xeral.



## **PROGRAMA DE AULA MENTOR**

O programa de Aula Mentor é un sistema de formación aberto, libre e a distancia a través de Internet que se organiza nos centros EPA e IES autorizados mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Centro Nacional de Información e Comunicación do Ministerio de Educación e Formación Profesional. A atención do alumnado realízase a través dun profesor-titor telemático e un administrador presencial que orientará e axudará ao alumnado na elección do curso e na utilización do soporte técnico para contactar co profesor-titor.

### **32. Funcións do administrador e horario**

- a) Xestión administrativa da Aula Mentor, así como a realización das tarefas relacionadas co seu mantemento informático e supervisión e control nas probas de avaliación do alumnado.
- b) Informar periodicamente de todos os aspectos relacionados co funcionamento da aula ao equipo directivo.
- c) Cubrir as actas de avaliación das diferentes convocatorias e entregalas para a súa custodia á secretaría do centro.
- d) Manter un rexistro de asistencia e uso da aula, así como das altas e baixas da mesma, que se entregará á xefatura de estudos mensualmente, xunto cun informe de incidencias, se as houberse, en cada grupo de alumnado.
- e) Realizar a memoria final de actividades da aula, que se incluírá na memoria anual do centro.
- f) Supervisar as prácticas que o alumnado faga no centro de traballo.
- g) Con carácter xeral, o profesorado que administre unha Aula Mentor terá unha redución horaria de tres horas por cada grupo de alumnos activos, sempre que a dispoñibilidade de recursos humanos do centro o permita.

### **33. Matrícula**

- a) O número de alumnos por grupo situarase en torno a dez. En todo caso, o número máximo por grupo estará en función do número de prazas que se poidan acomodar na aula con recursos para acceder a internet.
- b) A matrícula estará aberta durante todo o curso escolar e conxelarase no mes de agosto.
- c) No momento da inscrición, o alumnado abonará o custo do curso por un período de 60 días naturais. O custo do curso será fixado anualmente polo Ministerio de Educación e Formación Profesional en concepto de matrícula e acción tutorial. O ritmo de aprendizaxe do alumnado e as características do curso condicionarán a duración do mesmo. No caso de ser necesario ampliar a inscrición inicial, dito custo renovarase para cada novo período de 30 días naturais.
- d) Cando finalice o curso e supere a proba final presencial realizada na aula, o alumnado obterá a certificación da actividade realizada.

### **34. Xestión económica**

- a) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a través do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, comunicará periodicamente





aos centros os datos necesarios para realizar o pago dos titores telemáticos así como a retención aplicable en concepto de IRPF, de acordo coa información recibida do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

- b) Os ingresos realizados polo alumnado, en concepto de matrícula, faranse na conta do centro e a súa xestión e administración corresponde aos administradores da Aula Mentor para o pago de titores e administración da aula.
- c) O administrador da aula e o secretario ou secretaria do centro seguirán o seguinte procedemento para o pago de titores:
  - Ingreso mediante transferencia bancaria a cada titor da cantidade correspondente aos seus honorarios.
  - Envío ao titor do xustificante bancario do ingreso, así como do documento de percepción de honorarios; de dito documento e do xustificante de pago por transferencia conservarase copia na secretaría do centro.
  - Comunicación ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da data na que se realizou o pago dos honorarios e as retencións correspondentes á Administración Tributaria.

### 35. Prácticas en centros de traballo

Para mellorar a cualificación profesional das persoas que realicen e superen un curso de Aula Mentor e favorecer a súa inserción laboral, este alumnado poderá realizar con carácter voluntario prácticas laborais en empresas baixo as especificacións seguintes:

- a. As prácticas laborais en centros de traballo realizaranse despois de que o alumnado obteña a avaliación positiva no curso correspondente de Aula Mentor.
- b. Estas prácticas terán unha duración máxima de cen horas. A xornada de prácticas será como máximo de cinco horas diarias e deberá axustarse ao horario do centro de traballo onde se realicen.
- c. A empresa á que pertenza o centro de traballo onde se realicen as prácticas designará unha persoa responsable do seguimento e control desas prácticas laborais. Igualmente, o director ou directora do centro educativo nomeará responsable desas prácticas por parte do centro ao administrador ou administradora da Aula Mentor ou a outro profesor ou profesora do centro con horario dispoñible.
- d. Os centros educativos que imparten cursos de Aula Mentor e desexen acollerse a este plan de prácticas laborais subscribirán acordos de colaboración co centro de traballo pertencente a empresas ou agrupacións de empresas para a realización destas prácticas.
- e. O centro educativo comunicará á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente o acordo ou acordos que ten intención de subscribir e o alumnado ao que afecta. A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional autorizará, no seu caso, a sinatura do acordo ou acordos mencionados.
- f. Os acordos de colaboración para a realización das prácticas en centro de traballo deberanse formalizar por escrito e estarán asinados polo director ou a directora do centro educativo e pola persoa que teña a representación legal do centro de traballo, da empresa ou institución colaboradora. Asinarase un acordo por cada tipo de ensino e por cada



- centro de traballo, onde se identificará o alumnado que será acollido pola entidade colaboradora asinante.
- g. A relación entre o alumnado e o centro de traballo derivada do acordo de colaboración non terá natureza xurídica para os efectos laborais. Xa que logo, o alumnado non poderá percibir retribución económica ningunha pola súa actividade formativa nin polos resultados que puidesen derivarse dela.
  - h. A empresa ou entidade colaboradora non poderá ocupar ningún posto de traballo, nin sequera con carácter de substitución ou interinidade, co alumnado que realice prácticas na empresa.
  - i. O centro de traballo expedirá ao alumnado que complete as prácticas de empresa unha certificación que acredite o número de horas de prácticas realizadas.
  - j. Dez días antes do inicio das prácticas en centro de traballo, o centro educativo enviará unha copia do acordo específico de colaboración coas empresas ao servizo de inspección educativa da respectiva xefatura provincial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para que desde alí se traslade á Inspección de Traballo.
  - k. Para calquera dúbida sobre a natureza xurídica e aplicación práctica dos acordos asinados e das prácticas en centro de traballo do alumnado de Aulas Mentor, estarase ao disposto na lexislación que regula, na Comunidade Autónoma de Galicia, a formación en centros de traballo na formación profesional.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema  
(Asinado Dixitalmente)





## ANEXO I

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN EN CENTROS DOCENTES QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS PARA PERSOAS ADULTAS

1 DATOS PERSOAIS DO/DA SOLICITANTE			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO		DOMICILIO	
MUNICIPIO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
			TELÉFONO

2 SOLICITUDE										
Solicita ser admitido/a para o curso ...../ .....										
<input type="checkbox"/> ENSEÑANZAS BÁSICAS INICIAIS PARA PERSOAS ADULTAS. (Marcar cun x o nivel elixido)										
NIVEL DE ENSEÑANZAS		CENTRO								
Nivel I										
Nivel II										
<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA PERSOAS ADULTAS. (Marcar cun x o nivel e a modalidade elixida)										
ÁMBITO	MÓDULO				CENTRO			MODALIDADE		
	1	2	3	4				P	S	D
Comunicación										
Científico-tecnolóxico										
Social										
P: presencial, S: semipresencial, D: a distancia										

3 Declaración (sinalar cun x o que proceda)	
A persoa abaixo asinante declara:	
<input type="checkbox"/>	Facilitar autorización para acceso aos datos da renda percibida pola unidade familiar da persoa solicitante, composta por ..... membros, no exercicio fiscal anterior en dous anos.
<input type="checkbox"/>	Ser deportista de alto rendemento.
<input type="checkbox"/>	Continuar estudos no propio centro.
<input type="checkbox"/>	Proceder de ensinanzas de adultos.

4 DOCUMENTACIÓN ADXUNTA (orixinal e/ou copia para o seu cotexo)	
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI, Libro de Familia ou documento oficial acreditativo de idade da persoa solicitante.
<input type="checkbox"/>	Acreditación de proceder de ensinanza de adultos.
<input type="checkbox"/>	Acreditación da última data de escolarización.
<input type="checkbox"/>	Acreditación de ser deportista de alto rendemento.

5 INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO (deberá estar asinada por todos os membros da unidade familiar que achegan ingresos á mesma)			
Aos efectos de acreditación da renda anual e da unidade familiar, os abaixo asinantes declaran responsablemente que cumpren coas súas obrigas tributarias, así como que autorizan expresamente ao órgano competente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que recade da Axencia Tributaria a información de carácter tributario do exercicio fiscal anterior en dous anos.			
Nome		Nome	
1º Apelido		1º Apelido	
2º Apelido		2º Apelido	
Data de nacemento		Data de nacemento	
Parentesco		Parentesco	
DNI/Pasaporte		DNI/Pasaporte	
Sinatura		Sinatura	

6 SOLICITUDE, DECLARACIÓN, LOCALIDADE, DATA E SINATURA	
A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, así como na documentación que se xunta e SOLICITA sexa admitida no curso: ..... / ..... como alumno/a do centro docente: ..... sito na localidade ....., provincia de .....	
En ..... a ..... de ..... de .....	

SR./A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO

NOTA: Cando a Axencia Tributaria non dispoña da información para acreditar a renda anual da unidade familiar, o/a solicitante aportará, previo requiremento do director/a, certificado de haberes da unidade familiar ou a declaración responsable correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos á data actual.





## ANEXO II

### SOLICITUDE DE MATRÍCULA

Nº de matrícula											
-----------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

ANTES DE ENCHER ESTE IMPRESO, COMPROBE QUE CORRESPONDE A ETAPA EDUCATIVA NA QUE DESEXA REALIZAR A MATRÍCULA. ESCRIBA CON LETRA MAIÚSCULA E CLARA. ESTA MATRÍCULA ESTÁ CONDICIONADA Á COMPROBACIÓN DOS DATOS, DE CUXA VERACIDADE RESPONSABILÍZASE A PERSOA ASINANTE

ENSINANZAS BÁSICAS PARA PERSOAS ADULTAS

MATRÍCULA

1 DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI/PASAPORTE OU EQUIVALENTE
DATA DE NACEMENTO	SEXO Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/>	NACIONALIDADE	
DOMICILIO: RÚA, PRAZA, AVENIDA E NÚMERO			
MUNICIPIO/LOCALIDADE		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO/S	

2 DATOS MATRÍCULA									
ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS PARA PERSOAS ADULTAS. (Marcar cun x o nivel elixido)									
NIVEL DE ENSINANZAS					CENTRO				
Nivel I									
Nivel II									
EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS. (marcar cun x o nivel e a modalidade elixida)									
IDIOMA:									
ÁMBITO	MÓDULO				CENTRO	MODALIDADE			
	1	2	3	4		P	S	D	
	Comunicación								
	Científico-tecnolóxico								
Social									
P: presencial, S: semipresencial, D: a distancia telemática									

3 OBSERVACIÓNS									

4 SOLICITUDE, DECLARACIÓN LOCALIDADE, DATA E SINATURA									
A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, e SOLICITA a matriculación no nivel e ámbito anteriormente citado.									
En ..... a ..... de ..... de .....						O/A FUNCIONARIO/A   (Selo do centro docente)			
A PERSOA SOLICITANTE									
Asdo.: .....									





### ANEXO III

Distribución horaria semanal dos períodos lectivos para os tres ámbitos de coñecemento da educación secundaria para persoas adultas

Ámbito de coñecemento	Módulos			
	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto
Comunicación	6	6	5	5
Lingua estranxeira	2	2	2	2
Científico-tecnolóxico	8	8	8	8
Social	3	3	4	4
Titoría	1	1	1	1
<b>Totais:</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>

### ANEXO IV

Atribucións de especialidades do profesorado de ensino secundario aos tres ámbitos de coñecemento nos que se organiza a educación secundaria obrigatoria para persoas adultas en función das áreas ou materias da educación secundaria integradas en cada ámbito de coñecemento.

Especialidades do corpo de profesores de ensino secundario	Ámbitos de coñecemento
Xeografía e Historia	Social
Lingua castelá e literatura Lingua galega e literatura Linguas estranxeiras: inglés e francés	Comunicación
Tecnoloxía Matemáticas Bioloxía e Xeoloxía Física e Química Debuxo	Científico- tecnolóxico

### ANEXO V

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos cursos do sistema educativo da Lei 14/1970 e do sistema ordinario da educación secundaria obrigatoria, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas

Sistema educativo Lei 14/1970	Sistema ordinario ensino básico	Sistema educación básica para persoas adultas
Sexto de educación xeral básica.	Sexto de educación primaria.	Nivel II das ensinanzas básicas iniciais
Sétimo da educación xeral básica.	Primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.	Primeiro módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel I das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
Oitavo curso de educación xeral básica e título de graduado escolar ou oitavo curso de Educación Xeral Básica e Certificado de Escolaridade.	Segundo curso da educación secundaria obrigatoria.	Segundo módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel I das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
Primeiro curso de Bacharelato Unificado e Polivalente con dúas materias pendentes, como máximo ou primeiro curso de formación profesional de primeiro grao.	Terceiro curso da educación secundaria obrigatoria.	Terceiro módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel II das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.
Segundo curso de Bacharelato Unificado e Polivalente (ata con dúas materias suspensas no conxunto dos dous cursos) ou segundo curso de formación profesional de primeiro grao e título de Técnico Auxiliar.	Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria.	Cuarto módulo de todos e cada un dos ámbitos de coñecemento do nivel II das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.





## ANEXO VI

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, das materias de Educación Secundaria Obrigatoria do sistema definido pola Lei Orgánica 2/2006 modificada pola Lei Orgánica 8/2013, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.

<b>LEI ORGÁNICA 2/2006 MODIFICADA POLA LEI ORGÁNICA 8/2013</b>	
<b>Primeiro curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 1 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía.	Científico tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
<b>Segundo curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía.	Científico tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
<b>Terceiro curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía.	Científico tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
<b>Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía. (No caso de non ter cursado algunha destas materias deberá ter superada a materia do terceiro curso).	Científico tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade





## ANEXO VII

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, das materias de Educación Secundaria Obrigatoria do sistema definido pola Lei Orgánica 2/2006 antes da súa modificación pola Lei Orgánica 8/2013, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.

<b>LEI ORGÁNICA 2/2006 ANTES DA SÚA MODIFICACIÓN POLA LEI ORGÁNICA 8/2013</b>	
<b>Primeiro curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 1 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Ciencias da natureza.	Científico tecnolóxico
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Primeira ou Segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Ciencias sociais, xeografía e historia.	Sociedade
<b>Segundo curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Ciencias da natureza e Tecnoloxía.	Científico tecnolóxico
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Primeira ou Segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Ciencias sociais, xeografía e historia e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.	Sociedade
<b>Terceiro curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Bioloxía e xeoloxía, Física e química e Tecnoloxía.	Científico tecnolóxico
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Primeira ou Segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Ciencias sociais, xeografía e historia.	Sociedade
<b>Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.</b>
<b>Materias.</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Bioloxía e xeoloxía, Física e química e Tecnoloxía. (No caso de non ter cursado algunha destas materias deberá ter superada a materia do terceiro curso).	Científico tecnolóxico
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Primeira ou Segunda lingua estranxeira.	Comunicación
Ciencias sociais, xeografía e historia.	Sociedade





### ANEXO VIII

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos Módulos dos ciclos de Formación Profesional Básica definidos pola Lei Orgánica 2/2006 modificada pola Lei Orgánica 8/2013, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.

Módulos dos ciclos de Formación Profesional Básica	Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Módulo de Comunicación e Sociedade I	Ámbito da comunicación
Módulo de Comunicación e Sociedade I	Ámbito social
Módulo de Ciencias Aplicadas I	Ámbito científico tecnolóxico

Módulos dos ciclos de Formación Profesional Básica	Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Módulo de Comunicación e Sociedade II	Ámbito da comunicación
Módulo de Comunicación e Sociedade II	Ámbito social
Módulo de Ciencias Aplicadas II	Ámbito científico tecnolóxico

### ANEXO IX

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos ámbitos e materias do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) definidos pola Lei Orgánica 2/2006 modificada pola Lei Orgánica 8/2013, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.

Ámbitos e materias de segundo da ESO do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)	Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Ámbito lingüístico e social e o ámbito de linguas estranxeiras.	Ámbito da comunicación e ámbito social
Ámbito lingüístico e social.	Ámbito social
Ámbito científico e matemático e a materia de Tecnoloxía.	Ámbito científico tecnolóxico

Ámbitos e materias de terceiro da ESO do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)	Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Ámbito lingüístico e social e o ámbito de linguas estranxeiras.	Ámbito da comunicación e ámbito social
Ámbito lingüístico e social.	Ámbito social
Ámbito científico e matemático e a materia de Tecnoloxía.	Ámbito científico tecnolóxico







## ANEXO X

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos ámbitos e materias do programa de diversificación curricular (PDC) definidos pola Lei Orgánica 2/2006 antes da súa modificación pola Lei Orgánica 8/2013 cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.

Ámbitos e materias do primeiro curso do programa de diversificación curricular de dous anos	Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Ámbito lingüístico social e a materia de lingua estranxeira.	Ámbito de comunicación e ámbito social
Ámbito lingüístico social.	Ámbito social
Ámbito científico técnico e a materia de Tecnoloxía.	Ámbito científico tecnolóxico

Ámbitos e materias do programa de diversificación curricular dun ano ou de segundo curso do programa de diversificación curricular de dous anos	Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas.
Ámbito lingüístico social e a materia de lingua estranxeira.	Ámbito de comunicación e ámbito social
Ámbito lingüístico social.	Ámbito social
Ámbito científico técnico e a materia de Tecnoloxía.	Ámbito científico tecnolóxico

## ANEXO XI

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, dos módulos de educación secundaria para persoas adultas establecidos na Orde do 26 de maio de 1997 (DOG do 15 de xullo) e as ensinanzas reguladas nesta orde.

Orde do 26 de maio de 1997	Ensinanzas reguladas nesta orde
Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Comunicación	Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito de comunicación
Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Sociedade	Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito social
Módulo 4A ou módulo 4B do Ámbito da Comunicación	Módulo 4 do Ámbito de comunicación
Módulo 4A ou módulo 4B do Ámbito da Sociedade	Módulo 4 do Ámbito social
Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito da Natureza e máis o módulo do mesmo número do ámbito Tecnolóxico-matemático.	Módulo 1, 2 ou 3 do Ámbito científico tecnolóxico
Módulo 4A ou 4 B do Ámbito da Natureza e máis o módulo 4A ou 4B do ámbito Tecnolóxico-matemático.	Módulo 4 do Ámbito científico tecnolóxico





## ANEXO XII

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos módulos de programas de cualificación profesional inicial cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas.

Módulos de programas de cualificación profesional inicial	Ámbitos da educación secundaria obrigatoria para persoas adultas
<b>Módulos formativos de carácter xeral de 1º curso</b>	<b>Módulos 1 e 2 de educación secundaria para persoas adultas</b>
Competencia comunicativa e dixital I	Comunicación
Sociedade e cidadanía I	Social
Iniciativa persoal e relacións laborais	
Científico-matemático I	Científico tecnolóxico
<b>Módulos formativos de carácter xeral de 2º curso</b>	<b>Módulo 3 de educación secundaria para persoas adultas</b>
Competencia comunicativa e dixital II	Comunicación
Sociedade e cidadanía II	Social
Científico-matemático II	Científico tecnolóxico
<b>Módulos voluntarios</b>	<b>Módulo 4 de educación secundaria para persoas adultas</b>
Comunicación	Comunicación
Social	Social
Científico tecnolóxico	Científico tecnolóxico

## ANEXO XIII

Cadro de equivalencias dos ámbitos das probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria cos 4º módulos (nivel II) das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.

Ámbitos das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria	4º módulo (nivel II) das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas
Comunicación	Ámbito da comunicación
Científico tecnolóxico	Ámbito científico tecnolóxico
Social	Ámbito social

